

Repaso acumulativo

1 Dos seguintes fenómenos, indica cales son exclusivos da materia viva e cales non.

evaporación - oxidación - erosión - nutrición - sedimentación - reprodución - condensación - relación


2 Clasifica as seguintes actividades dos seres vivos nas tres categorías que definen as funcións vitais.

- Fecundación nos animais.
- Dixestión dun bocadillo.
- Polinización dunha planta.
- Desenvolvemento dun fungo parasito na planta do pé.
- Excreción de urina polos mamíferos.
- Defecación.
- Nacemento dun neno.
- Ataque dun león a un herbívoro.
- Aproximación das avelaíñas á luz.
- Circulación do sangue.
- Respiración intensa tras realizar unha carreira.
- Tendencia sexual cara a outra persoa.


3 Hai algunha das funcións anteriores que poida incluírse en dúas categorías?

4 Mira a composición dun *brick* de leite. Aínda que non figura na etiqueta, a auga é o compoñente máis importante. Indica cales destas substancias son orgánicas e cales inorgánicas.

5 Indica no caderno o nome das diferentes partes deste debuxo dunha célula eucariota.



6 Indica no caderno o nome das diferentes partes deste debuxo dunha célula procariota.



7 Relaciona as seguintes definicións co seu nome correspondente.

- | | |
|-------------------------------|---|
| 1. Organismos unicelulares. | a. Formados por un conxunto de órganos que actúan de forma coordinada. |
| 2. Organismos pluricelulares. | b. Constituídos por agrupacións de células similares que realizan a mesma actividade. |
| 3. Tecidos. | c. Seres vivos constituídos por unha única célula. |
| 4. Órganos. | d. Constituídos por varios tecidos que en conxunto levan a cabo unha función determinada. |
| 5. Aparellos e sistemas. | e. Seres vivos, como as plantas e os animais, formados por moitas células diferentes. |

8 Pode unha ovella exposta ao sol alimentarse exclusivamente de auga, de aire e dun pouco de terra? Coñeces algún tipo de organismo que poida facer isto?

9 Podemos vivir sen respirar? E as plantas, pódono facer?

10 Nalgúns debuxos animados e en películas de extraterrestres, os alieníxenas reproducense partíndose en dous seres idénticos ao orixinal. Somos nós capaces diso? Hai algún ser vivo que poida facer unha acción semellante?